


Bancos de area e lama

Víctor Caamaño Rivas



Un dos recursos económicos máis importantes cos que conta a economía de Cambados é o do marisqueo. O litoral do concello combina grandes extensións de depósitos areosos que alternan con outras zonas recubertas de acumulacións lamacentas. Sen dúbida as zonas areosas son excelentes bancos marisqueiros e o futuro desexable sería que as zonas recubertas pola area gañaran, co tempo, terreo con respecto aos lamazais. Algúns interrogantes que poden xurdir en referencia a este desexo, dependen de certos factores naturais e humanos que teñen unha resposta, ata certo punto, previsible e que tenta aclararse neste artigo.

Plantexaremos inicialmente unha serie de cuestións que, ao tentar darlle resposta, irán desvelando a orixe e o futuro dos bancos de area e lama do litoral de Cambados. Entre as cuestións que podemos preguntarnos poderían encontrarse

as seguintes: cal é a razón pola que se formaron os depósitos de area e lama no litoral?, de onde proceden os materiais que forman eses depósitos?, cambia no tempo a distribución destes bancos de sedimentos?, ten algunha influencia a actividade humana sobre como se distribúen e sobre a súa dimensión?, que podemos agardar de cara ao futuro sobre a distribución e tamaño destes bancos?

Comezaremos a procura dalgunhas respostas en terra, pois os materiais que hoxe vemos no fondo do mar, realmente proceden de territorio emerxido. A súa orixe está nas rochas que formaron as montañas e os vales; e, particularmente, no granito, que no noso territorio é abundante, ademais de tratarse dunha rocha ben coñecida. O granito, esa “pedra” tan abundante na comarca do Salnés e en Galiza, é unha rocha ante a cal mostramos, ademais, unha

certa admiración. Porque para os galegos é moito máis ca unha pedra; é a pedra. Independentemente de imaxinalo como un elemento integrado no noso medio natural, é un material que pola súa abundancia, dureza, beleza..., leva moitos anos sendo utilizado para construír as nosas vivendas, os nosos valos e diferentes construcións do territorio galego.



O granito é unha rocha que define gran parte da paisaxe galega. Cando de pequenos imos á escola, alí cóntanos que o granito está formado por tres minerais: o cuarzo, o feldespato e as micas. Minerais que nos permiten diferenciarlo ben das demais rochas. Recoñecémolo por esas pintiñas negras ou brillantes (das micas), por eses tons grisáceos, rosados, ocreos ... (dos feldespatos) que lle da as súas admiradas tonalidades e, se realmente consegues ollalo con detalle e precisión, tamén podes descubrir cristaliños incrustados (grans de cuarzo) que semellan pequenas xoias en bruto.

O granito, no Salnés, móstrase nalgunhas das súas variedades. Así é ata o punto de que o basamento do mesmo val do Salnés, percorrido polo sinuoso río Umia e recuberto polo verde manto de albariño, correspóndese cun tipo especial de granito (“granito de Caldas”) moito máis brando cas os granitos e outras rochas dos lindeiros do val, que constitúen as elevacións do Monte Castrove, ao sur, e do Monte Xiabre ao norte. Así que a forma do noso val non é casual se non que é froito de millóns de anos de desgaste e erosión producida polas constantes chuvias de orixe atlántica. O río Umia tamén fixo parte do traballo ao ir trasladando os materiais arrincados pola corrosión do continuo contacto coa auga, ata

o seu esteiro en Cambados; alí, o mar de Arousa fará o resto do traballo.

Parece mentira que un material tan duro coma o granito poida perecer tan doadamente baixo o efecto do contacto cun elemento tan brando coma a auga. Pero millóns de anos de chuvias que non deron tregua, fixeron o seu traballo. Para Galiza, a auga é vida pero tamén é paisaxe. Con paciencia pero sen pausa, a auga da chuvia, empeñouse en destruír unha rocha que levaba moitos millóns de anos aquí e, de paso, foi moldeando a nosa paisaxe. Conseguiu penetrar por entre os cristaliños de cuarzo, feldespato e micas e, dese xeito, foi gañándolle a batalla ao duro granito. Os grans de cuarzo, os máis duros, unha vez arrincados, van formando acumulacións ou depósitos de gravas e areas. E algunhas destas areas, arrastradas pola chuvia, acadarán a canle do Umia para percorrer un longo camiño ata o mar. Alí, xa máis redondiñas irán depositándose, primeiro, no banco do Serrido e, máis tarde, noutros bancos marisqueiros e praias da ría de Arousa.



Se ollas unha fotografía aérea do esteiro do Umia poderás apreciar perfectamente que a forma dos areas do Serrido semella un delta (concretamente forma un “delta mareal”). Iso si, un delta mergullado polas preamares; algo moi pouco habitual nas desembocaduras dos ríos

atlánticos. Pero, claro, o do Umia é un caso peculiar porque o seu encontro co mar resulta tremendamente plácido ao producirse nunha protexida enseada, como consecuencia das barreiras naturais que forman as illas da Toxa Grande e Pequena, así como a península do Grove. Esas barreiras son as causantes desa forma tan peculiar e da gran extensión que acadan os areais do Serrido.



E de seguir co destino do resto dos minerais graníticos, debe contarse que os feldspatos e as micas, máis brandiños caos cuarzos, tamén realizan a súa pelegrinaxe. A auga separaralos da rocha nai e o seu destino será o de desfacerse en cachiños de tamaño inapreciable, se os quixeras ollar a simple vista. Acabarán formando os abundantes e característicos depósitos de barros e arxilas que tan a cotío encontramos aos pés dos montes e montañas ou ben formando parte do chan do val do Salnés. As chuvias tamén transportarán, a algúns deles, ata o Umia e de seguido ata o mar, onde se incorporarán aos depósitos lamacentos das xunqueiras, das zonas de augas mornas e tranquilas e praderías de “sebas”. Alí permanecerán xunto con algúns restos de “terra” (a materia orgánica, material en descomposición), arrastradas polas augas dóces, que serán as responsables de aportarlle a cor negra, tan característica, dos depósitos de lama do litoral.

Porque a chuva non fai distincións e xunto cos restos dos minerais do granito, leva cara ao mar todo aquilo que poida arrastrar, sen reparar na utilidade do acarrexado. Unha gran parte da carga que transportan as augas do Umia está formada por esa fértil terra, de cor negra, procedente das fincas e dos cultivos, tamén por

restos vexetais en vías de descomposición ou, mesmo, polas cinzas procedentes dos desastrosos e habituais incendios forestais do monte galego. De aí procede a cor negra dos lamazais costeiros. Tamén, no transporte desa negra materia orgánica ata o mar, colaboran todos aqueles pequenos mananciais que desde terra atravesan as fendas das rochas litorais para rematar morrendo no mar. Así mesmo, os desaugadoiros, non sempre desexados, transportan tamén cara ao mar unha importante cantidade de materia orgánica que acabará “enriquecendo” os lamazais litorais.

Ademais, o fatal encontro dos diferentes tipos de correntes de auga doce, cargada de terras e materiais orgánicos, coa salgada auga do mar, prodúcese dun xeito tan traumático que como consecuencia do contacto entre fluídos de diferente salinidade, prodúcese unha descarga inmediata das partículas sobre o fondo (fluoculación). Cando se incorporan ao substrato mariño, xa será o peso dos materiais depositados e a forza das correntes quen decidirán onde se quedan as partículas de lama do fondo. As máis pequenas permanecerán nas zonas máis protexidas, de escasa corrente: en pequenos esteiros, nas xunqueiras, nas dársenas e, en xeral, nas zonas onde o mar sexa máis manso. Esa é a razón pola que as construcións portuarias con espigóns, peiraos, dársenas, que crean remansos e zonas de quietude de augas, adoitan ter os seu fondos profundamente lamacentos.



Por iso, para non alterar, destruír ou empobrecer os bancos marisqueiros compre tomar determinadas medidas e ter en conta que a natureza é sabia pero moi sensible ás nosas accións. As actuacións humanas producen

sempre unha alteración do medio natural. Así, por exemplo, cando se constrúe un encoro, pódese estar seguro de que a cantidade de areas transportada ata o esteiro, pola corrente dese río diminuírá, e iso terá consecuencias directas e negativas sobre os bancos marisqueiros que alimente o río. Igualmente unha construción portuaria que implique a creación dunha barreira que interrompa as correntes, terá como primeira consecuencia a alteración da distribución dos bancos de area e lama litorais, facendo que os primeiros dominen nas zonas de máis forza da corrente e os segundos nas zonas máis protexidas e de mornas correntes mariñas.

Do mesmo xeito, se os desaugadoiros que chegan ao litoral, transportan moita carga orgánica, isto irá no beneficio do incremento das zonas lamacentas e no prexuízo dos bancos de area. Do mesmo xeito, tamén por suposto, existen actuacións que poden resultar positivas como son a construción de boas redes de saneamento ou a eliminación ou diminución de barreiras físicas que mellore a recirculación de correntes mariña, que poderían reverter os fondos lamacentos para, co tempo, transformalos en produtivos bancos marisqueiros.

En calquera caso, cada acción humana ten as súas consecuencias directas no medio natural e canto máis desacertadas sexan esas accións, peores serán as súas consecuencias. Isto ten que levarnos a pensar que cada unha das nosas actuacións deben estar previamente moi estudadas e reflexionadas para que, deste xeito, esas accións non se volvan contra nos e transformemos a riqueza que nos proporciona a natureza en pobreza. Na natureza sempre compre actuar con conciencia e responsabilidade.

